

6 *Article*

Galiza e a Lusofonía— unha tradución entre a miraxe e a utopía

Burghard Baltrusch
Universidade de Vigo

Keywords

Lusophony
Galicia
Civilizational myths
Multi-identification
Traslation of identity

Palabras clave

Lusofonía
Galiza
Mitos civilizacionais
Multi-identificación
Tradución da identidade

Abstract

Whether Galicia should or should not form part of the Lusophone world is a polemical issue of which different ideological discourses have appropriated themselves and whose still difficult resolution is impeding more pragmatic and forward-looking approaches. In this article I would like to outline a range of different ideological discourses on the topic, including some critical perspectives on the Lusophone world itself. I will develop a pragmatic argument in relation to the strategic benefits and disadvantages prompted by the potential inclusion of Galician within the Lusophone world. This argument will be mainly articulated from the perspective offered by ideological and postcolonial criticism as well as by cultural translation.

Resumo

A cuestión de se Galiza debe ou non formar parte da Lusofonía vén sendo hipotecada por polémicas e secuestrada por diversos tipos de discursos ideolóxicos, que aínda dificultan unha aproximación pragmática e futurible. Neste estudo pretendo esbozar un inventario comparativo dos diferentes discursos ideolóxicos sobre o tema, incluíndo perspectivas críticas sobre a propia Lusofonía. Procuo desenvolver unha argumentación pragmática en relación ás conveniencias e inconveniencias estratéxicas dunha posible asociación do galego ao mundo lusófono, primordialmente desde os puntos de vista das críticas ideolóxica e poscolonial e da tradución cultural.



Houbo quen xa declarara a morte da Lusofonía (cf. Bagno 1999; Margarido 2000). Mais unha Lusofonía como proxecto cultural –como utopía saudable que evita deleitarse coas miraxes– aínda ten futuro. Con todo, para vertebrala como parte da nosa globalización multiculturalista (Martins 2006) sería preciso reducir o alcance do seu significado ao máis pequeno denominador común. Segundo Eduardo Lourenço, este pode ‘consistir apenas em não perder de vista *aquilo* que já existe, e em não nos perdermos de vista face *àquilo* que já existe’ (1999: 182). Parece pouca cousa, mais non é unha tarefa fácil para as traducións culturais e identitarias, xa que as identificacións lingüísticas, nacionais e culturais se están a diversificar sen cesar. Tamén en tempos con cada vez menos fronteiras, con cada vez máis mundos heteroxéneos na mesma realidade (a pesar de interdependentes), a Galiza como organismo social continuará a estar ancorada primordialmente en dúas esferas culturais diferentes: a lusófona e a hispanófona. E ambos forman parte dunha vaga e maleable superestrutura ou dun metasistema mítico chamado Latinidade (en plena competición cunha Anglofonía eficientemente predadora).

Eu propóño aquí levar a cabo unha breve revisión dalgúns dos aspectos máis incómodos e conflitivos en relación á necesidade de normalizar as relacións culturais de Galiza coa Lusofonía (Villares 2007). A partir dunha perspectiva poscolonial e tradutolóxica, centrareime tanto na futuribilidade do propio concepto como tamén na cuestión do lugar que debería ocupar Galiza dentro do espazo lusófono. Comezarei con dúas citacións, unha do eido da teoría cultural ou civilizacional e outra do eido poscolonial:

1/ A principios do século XX, Fernando Pessoa desenvolvía nos seus fragmentos de utopía política a idea dunha hipotética ‘anexión da Galiza’ por parte de Portugal, visando unha ‘Confederación Ibérica’. Segundo o poeta-filósofo, para esta confederación sería esencial ‘diferenciar para que a unidade produzida seja uma unidade complexa, e portanto fecunda. [...] um organismo é tanto superior, quanto são heterogêneas as suas partes componentes, quanto a sua unidade é heterogênea e interdependente [...]’ (Pessoa 1986: 97). Estas idealizadas condicións para un conxunto cultural e político, se as aplicamos aos estados da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), só as reuniría hoxe en día o Brasil que funciona case como un espazo lusófono sen exterior, tal como xa o indicara Eduardo Lourenço (1999).

2/ A finais do século XX, Homi K. Bhabha alertou de que ‘revisar o problema do espazo global desde a perspectiva poscolonial significa dislocar a diferenza cultural do espazo da pluralidade demográfica para as negociacións limítrofes da tradución cultural’ (1994: 223, a tradución é miña). Esta idea de identidades limítrofes, ou sexa transversais e avaliadas a partir da súa condición migratoria, son características básicas de moitas culturas lusófonas –pensemos só nos casos das históricas emigracións galega e portuguesa, nos ‘retornados’ da guerra colonial en África ou na actual emigración brasileira cara á Unión Europea.

Nunha conferencia en xullo do 2006 na Universidade de Vigo, o sociolingüista brasileiro Marcos Bagno fixo eco dun sentimento cada vez máis estendido dentro do maior país da CPLP ao afirmar que ‘a Lusofonía

está morta' (Bagno: 2006). Isto evidenciaría tamén o feito de que as gramáticas das variantes brasileira e europea do portugués xa están diferenciadas de xeito considerable. Só a grande discrepancia entre a fala e a norma ensinada no sistema escolar brasileiro estaría aínda a garantir unha relativa destreza comunicativa entre as dúas variantes do portugués, un feito que tamén estaría a sustentar a ilusión de falarmos aínda a mesma lingua. Un acordo ortográfico co *padrão* portugués só estaría motivado por un prexuízo lingüístico e carecería de sentido para unha escrita brasileira que se pretenda aproximar á fala (Bagno 1999).

Non só no eido lingüístico impóñense, máis ca nunca, as seguintes preguntas: é a Lusofonía un proxecto cultural con futuro? Que interese podería ter Galiza en formar parte deste proxecto? Cal sería o seu lugar nesta hipotética constelación multicultural? Para poder esbozar respostas posibles, o meu punto de partida será, por unha banda, a proliferación de críticas da idea dunha Lusofonía en diferentes discursos académicos e mediáticos no Brasil, nos *Países de Língua Oficial Portuguesa* (PALOPs) así como tamén en Portugal. En Galiza estamos verificando nestes intres unha tendencia fráxil de aceptar o concepto da Lusofonía con máis naturalidade, como se estivésemos a aproximarnos a un acordo tácito. Continúa habendo moita resistencia, mais tamén podemos constatar un certo dinamismo, de pensarmos por exemplo en iniciativas como o Canal Lusofonía de Vieiros (<http://www.vieiros.com/gterra/>), o Observatorio Galego da Lusofonía dentro do Instituto Galego de Documentación e Análise Internacional (<http://www.igadi.org>), as posibilidades crecentes de integrar a lingua portuguesa como materia optativa no ensino secundario galego, a creación dun curso multimedia de portugués para galegas/os por parte da Vicepresidencia da Xunta de Galicia (<http://www.portuguesparanos.com/>), o debate sobre a retransmisión do sinal de radio e televisión portuguesas en Galiza para dar cumprimento ao Artigo 11.b da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, ou as iniciativas recentes de crear unha Academia da Língua Portuguesa e unha asociación de *Docentes de Português en Galiza*. Pola outra banda está a cuestión de en que medida este concepto podería chegar a ser útil e futurible para unha política cultural (galega) en tempos de globalización. Para iso, sintetizarei tres liñas de argumentación actuais sobre a Lusofonía e irei confrontándoas con aspectos poscoloniais en perspectiva tradutolóxica:

1/ En primeiro lugar pódese constatar unha certa necesidade pragmático-política de convivencia de linguas, dialectos e crioulos debaixo dun paraugas lingüístico-ideolóxico chamado 'Lusofonía'. Este denominador común podería ser quen de equilibrar as lexítimas reivindicacións dos seus campos culturais lusófonos, sempre que non se transforme nun paraugas totalizador (Radhakrishnan 1992) e sempre que se constituía como unha 'unidade heterogénea e interdependente' (Pessoa 1986). Resulta evidente que a convivencia práctica e a concepción utópica conviven co dilema ético procedente da historia colonial. Os debates e as manifestacións na altura das conmemoracións dos 500 anos do 'descubrimiento' do Brasil xa nos ilustraran que este legado aínda non chegou a ser nin ideoloxicamente deconstruído dunha forma satisfactoria, nin superado en termos psicolóxicos e de memoria cultural.

2/ En segundo lugar, é preciso constatar o feito de que a Lusofonía funcione aínda a principios do século XXI como nome de guerra da defensa dos intereses económicos e políticos dunha CPLP encarada

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía

Burghard Baltrusch

1

Tamén unha denominación ideoloxicamente precaria se pensamos nos contextos multilingües e multiculturais en Angola e Mozambique, por exemplo.

2

Ata o momento, a CPLP nin sequera conseguiu resolver a inactividade do Instituto Internacional da Língua Portuguesa, que se atopa lonxe de ser a pedra basilar da organización.

3

A carencia de política cultural revelou-se unha vez máis cando Galiza non chegou a participar na reunión da CPLP celebrada en 2006 e nin sequera manifestouse interese en facelo. Porén, comeza a haber indicios de mudanza coa presenza de contidos lusófonos na Radio Galega e na Televisión de Galicia, que aumentaron lixeiramente entre 2006 e 2007, en paralelo coas actividades de contidos transversais iniciados pola Consellería de Cultura da Xunta. Con todo, estas mudanzas preséntanse aínda dun xeito relativamente tímido.

4

Un exemplo sería que dos tres lectorados do Instituto Camões, que existían aínda a principios dos anos noventa nas tres universidades galegas, soamente un sobrevive na actualidade.

primordialmente como lobby. Polo de agora a CPLP¹ non dispón dun proxecto cultural concreto, para non falar dunha utopía ou dunha argumentación ética actualizadas que resulten válidas desde unha perspectiva poscolonial e que poderían contribuir a crear unha hipotética 'identidade lusófona'.²

3/ E finalmente temos a cuestión do lugar que lle correspondería a Galiza –berce marxinalizado da Lusofonía que foi reconstruíndo un sistema cultural e literario propio nas últimas décadas– nesta constelación complexa. A pesar da precariedade fundacional da Lusofonía é preciso desenvolver unha argumentación pragmática en relación ás conveniencias e inconveniencias estratéxicas dunha posible integración, ou mellor dito asociación da lingua galega actual ao mundo lusófono. Esbozaremos aquí de xeito provisorio desde as perspectivas do poscolonialismo, da tradutoloxía e da política cultural.³

Nas décadas posteriores á morte de Franco, a cuestión da relación entre as linguas galega e portuguesa viña sendo hipotecada por polémicas e secuestrada por diversos tipos de discursos político-ideolóxicos, maioritariamente travestidos de lingüísticos, que continúan a impedir a construción dun proxecto cultural e dunha práctica política racional e pragmática. Porén, o problema da relación Galiza-Portugal ou Galiza-Mundo Lusófono non é só o tradicional problema lingüístico, mais primordialmente unha cuestión de identificación histórico-cultural e civilizacional. Tanto a cultura galega, como por extensión a Lusofonía, débense historicamente aínda cos remanentes da utopía decimonónica do Iberismo. Nunha argumentación moi cautelosa dun 'estado natural galaico-portugués', Fernando Pessoa esforzouse en diferenciar un vago e incerto valor civilizacional da identidade étnico-cultural:

Já o problema da Galiza se não assemelha ao problema catalão. O incerto separatismo galego também não pode visar a independência da região, mas já pode visar, sem crime de lesa-Ibéria, a integração no estado português. Há tantas razões para a Galiza ser região espanhola, como para ser parte de Portugal (não digo “região portuguesa”, porque Portugal é uno). Integrada na Espanha, a Galiza segue uma continuidade histórica e não perde pé no valor civilizacional. Integrada em Portugal, fica parte do estado a que por natureza e raça pertence, e também não perde pé no valor civilizacional, porque passa a ser parte de outra nação europeia definida civilizacionalmente. (Pessoa 1986: 97)

Feita unha debida relativización do argumento étnico, podíamos preguntarnos: por que entón privilexiar a relación de Galiza coa Lusofonía por riba dun fortalecemento con outras culturas europeas e coa intención de acadar unha normalización cultural en tempos de globalización multicultural? Porque alén dos intereses pragmáticos do campo económico Galiza-norte de Portugal (fomentados pola política da 'Europa das Rexións') están o interese xeopolítico de diversificar as relacións extraeuropeas e o interese psicolóxico-cultural dunha Galiza como punto de partida histórico da expansión lusófona.

Con todo, tampouco o reinicio da autonomía galega nos anos oitenta do século XX conseguiu que se emprendesen políticas culturais 'lusófonas' (sobre todo cara a Portugal) que tivesen algunha persistencia.⁴ Tanto a

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

5

Desde o 2007, sobre todo coa presenza de Galiza como convidada especial na Feria do Libro en La Habana en 2007, comezan a ser visibles os indicios dun proxecto de política exterior, o primeiro a ser impulsado por unha Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

6

Cando se iniciou o proceso de normativización do galego nos anos oitenta do século XX existían fundamentalmente dúas posturas contrarias que desembocaron nunha por veces durísima contenda política entre as elites galeguistas/nacionalistas. Por unha banda argumentábase desde unha perspectiva lingüístico-histórica que o galego e o portugués falado na actualidade representan practicamente unha única lingua *Abstand* (admitido tamén polo sector oficialista, Fernández Rei 1993). O sector reintegracionista vinculou este argumento co interese político-cultural dunha homologación do galego no espazo lusófono e veu defendendo unha codificación do galego próxima ao portugués actual. Na outra banda, maioritaria e detentora do poder nas institucións oficiais do Instituto da Lingua Galega e da Real Academia Galega, partiuse do pragmatismo dunha codificación máis próxima á ortografía castelá, co argumento principal de así facilitar a aprendizaxe do galego por parte do sector castelanfalante en Galiza e, por conseguinte, a rearticulación interna da comunidade galega (Monteagudo 1995). O resultado foi a institucionalización do galego como lingua *Ausbau*.

clase política galega como a súa correspondente portuguesa non souberon aproveitar ao longo dun cuarto de século as oportunidades de aproximación facilitadas pola converxencia económica europea. Hipotecáronse as posibilidades do país ao non fomentar, por exemplo, a transferencia de bens e industrias culturais e, no caso galego, ao non investir o suficiente na súa exportación cara ao espazo lusófono.⁵ Isto formaría parte dunha normalización cultural que oficialmente se ten encarado, de xeito predominante, como lingüística (o que resultou sendo fatalmente reduccionista). Por moito amor que nos inspire, a lingua non contén o *agens* da evolución cultural nin é imprescindible para a conservación dunha identidade cultural, tendo en conta que esta sempre estará suxeita a un constante proceso de diseminacións e reescrituras. O debate ortográfico galego das últimas tres décadas fora tan intenso e complexo como politicamente cego e non realista en moitas ocasións.⁶ O proceso de normativización ortográfica, coa nova e recién aprobada ‘norma da concordia’, buscou unha pacificación interna mais tampouco solucionará os problemas derivados da dependencia político-económica de Madrid, xunto coa imparabile colonización cultural dos sectores urbanos da sociedade galega.

Fóra da cuestión ortográfica, as ideoloxías reintegracionista e autonomista/oficialista, en histórica tensión dentro do campo cultural galego, sempre foron relativamente transversais en relación ao desexo de aproximar Galiza ao mundo lusófono. José Luís Rodríguez sintetiza algunhas das perspectivas máis convincentes ao respecto e que parten do feito de que:

[...] o portugués se estar a organizar, como outros idiomas universais como o inglés, o español ou o francés, e em maior grau que muitos deles, como um idioma policêntrico, ou literalmente pluricêntrico (vid. Clyne 1992), pois para além do binómio lusitano e brasileiro, contempla outras variedades por enquanto ainda emergentes (africana ou africanas e, se calhar, timorense). A vertente galega, nesta concepção universalizante do idioma, só aspira a ser mais um centro irradiador dentro da Lusofonia, com autonomia na codificação, unha codificação sempre atenta, porém, solidariamente, às restantes vertentes (padrons, normas, ou como se quizer chamar às suas modalidades modelares). (Rodríguez 2003: 301)

Aínda que o reintegracionismo se atope en minoría, na sociedade galega logrou constituírse ao longo das últimas décadas como unha tal ‘modalidade modelar’, practicada nunha realidade galega que en si mesma xa é de feito ‘pluricéntrica’. Porén, esta mesma realidade xa se tornou tamén plurisemiótica, é dicir, ofrece diferentes accesos hermenéuticos á realidade a partir do mesmo sistema lingüístico –tal como se espera dunha sociedade confrontada coas esixencias da globalización multicultural. Entrevese, en consecuencia, a necesidade de ampliar o modelo pluricéntrico de culturas pertencentes á mesma familia lingüística. Cada unha representa un polisistema cultural no que conviven e interactúan variantes que poden chegar a ser plurisemióticas, fornecendo posibilidades de identificación diversas ou até múltiplos. Neste sentido, a vella e polémica tese da relatividade lingüística de Sapir/Whorf precisaría de ser desvinculada da gramática da lingua para ser aplicada a unha gramática dos idiolectos, dos sociolectos e das normas, ou sexa, das estruturas profundas que as ferramentas ‘lingua’ e ‘ortografía’ transportan. Son estas ‘modalidades modelares’ que chegan a gobernar as consciencias dos suxeitos, até en formas de

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

7

Adaptación do concepto 'suxeito nomádico' de Braidotti (1994).

8

Se quixésemos recuperar o vello significado de Hespaña/España denominando toda a Península Ibérica, o mundo hispanófono (ao contrario da 'Hispanidade') incluíría incluso a Lusofonía.

memes (Dawkins 1976; Baltrusch 2007), sendo empregadas para traduciren un cotián constituído por realidades pluricéntricas. Nunha perspectiva lusófona global, estas modalidades están a proporcionar identidades nomádicas⁷ que parten dun acto intrinsecamente tradutor, froito dun poliglotismo colectivo que rexeita imposicións hexemónicas. Toda a hexemonía ideolóxica dos canons culturais aliméntase da existencia de dis-sensos, que paulatinamente van sendo asimilados e distorsionados. Desta forma, a propia periferia pode chegar a metamorfosearse en centro, tal e como xa aconteceu co Brasil en relación á Lusofonía.

No caso galego, isto exemplifícase coa crecente desgaleguización das sociedades urbanas, como tamén a partir das diversificadas identificacións culturais, orixinadas pola longa dependencia da cultura castelá. Porén, as diferentes enquisas que xurdiron nos últimos anos dan conta dunha grande pluralidade de identificacións no campo cultural galego. Indican a existencia tanto de persoas que se senten exclusivamente galegas e que sempre falan a súa lingua, pasando por persoas que consideran ter as dúas identidades e que empregan ambas as linguas, ou persoas que se senten galegas falando sempre o castelán como até aquelas que se senten exclusivamente españolas e só usan o castelán. A realidade cultural galega da actualidade é xa plurisemiótica, tal como acontece en moitas sociedades occidentais, e está a ser gobernada por idiolectos en competencia continua, sexan estes resultados de ideoloxías instituídas (de forma heterónoma) ou instituíntes (de forma autónoma e alternativa a partir das marxes do campo cultural). Así, a condición hipotética dunha Galiza integrada no conglomerado pluricéntrico da Lusofonía precisaría ser xestionada, de forma pragmática, a partir da súa condición actual como parte político-económica dunha España igualmente pluricéntrica e, por extensión, dun mundo hispanófono (por certo, repleto de centros culturais mantidos pola emigración galega).⁸ Aínda que incomensurables nas súas especificidades idearias e coloniais, conxuntos como a Commonwealth, a Francofonía, o Panarabismo, a Hispanidade e a Lusofonía ilustran unha rivalidade pola ordenación simbólica do mundo (cf. Martins 2006: 91). E é nesta constelación plural e plurisemiótica que a actualidade cultural galega e a cuestión identitaria han de ser analizadas e equilibradas.

Nisto, Galiza non se distingue demasiado do mundo lusófono que se caracteriza por unha forza centrífuga aínda maior. Hoxe en día xa non importa tanto pertencermos ao mesmo tronco lingüístico. A fin e ao cabo, a lingua redúcese a un significante mentres que están a primar feitos ideolóxicos e culturais que producen identificacións diversificadas que facilmente poden chegar a ser incomensurables (cf. a constelación lingüístico-cultural Alemaña-Holanda-Suíza). Froito deste tipo de condicións culturais e históricas, as diferenzas gramaticais entre o portugués e o brasileiro, por exemplo, xa non son reversibles por ningún acordo ortográfico —a pesar de que a CPLP aínda soñe coa súa entrada en vigor. As dúas linguas irán distanciándose cada vez máis, sen que isto impida aproximacións culturais anovadoras.

Tamén nos PALOPs temos polisistemas culturais moi complexos, cunha enorme variedade de linguas, dialectos e crioulos que aínda non dispoñen de convivencias reguladas. Porén, nestes chamados sistemas emerxentes non existe un libre acceso ás institucións e aos servizos oficiais, persistindo aínda unha exclusión dunha grande parte da poboación das institucións culturais. A forza colonizadora do portugués persiste nos sistemas emerxentes, aínda que a súa hexemonía esta tamén ameazada polo

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

9

Porén, non se debe ceder á tentación de combater a Lusofonía soamente pola simple intención de conferir á cultura propia un estatus poscolonial –unha crítica que talvez se poida aplicar a Margarido.

inglés. Queda a pregunta de como, desde un punto de vista ético e poscolonial, se pode relacionar a Lusofonía cos dereitos e reivindicacións lexítimos dos múltiples campos culturais que caracterizan países multilingües como a Angola ou o Mozambique, moito máis policéntricos e polisemióticos ca Galiza?

Xa o propio termo *Lusofonía* resulta problemático. Por unha banda, o concepto pretende que nos imaxinemos unha comunidade en función das formas gramaticais que desexa impor a través de normas e prexuízos á fala e á escrita. Pola outra, a Lusofonía impón como orixe finxida desta comunidade unha lingua portuguesa moderna cun proceso de asentamento tardío que chegou con posterioridade ao inicio do período colonizador. Persiste aínda o hábito de ignorar a orixe galega do portugués moderno (cf. a denominación anacrónica do ‘galego-portugués’ medieval), como tamén se ignoran as fortes interferencias africanas ou amerindias nas variantes do portugués falado na actualidade. Finalmente, esta Lusofonía torpemente institucionalizada finxe posuír unha harmonía lingüístico-cultural que non se presenta na realidade cultural dos países de expresión portuguesa. É certo que incluso xa existe unha industria cultural e mediática lusófona que permite a un pequeno grupo de empresas e creadoras/es vivir da súa produción. Porén, estas relacións fundamentalmente económicas (e moitas veces tamén subvencionadas) esconden grandes desencontros políticos, sociais e culturais. A maiores, ocultan unha falta de traballo crítico da memoria do pasado colonial e, sobre todo, unha enorme falta de interese en verdadeiras traducións e adaptacións culturais e de valores, como tamén da súa crítica correspondente.

Nesta liña, Alfredo Margarido desautoriza a visión eurocéntrica e neocolonial que a Lusofonía ‘oficial’ mantén sobre o pasado, argumentando que ‘o Outro’ só comeza a existir despois do encontro cun navegador portugués (2000). É xa un hábito cognitivo esquecerse da outra cara da medalla dos chamados descubrimentos: a invasión, a subxugación e a aculturación. Desde a perspectiva portuguesa, o trauma da independencia do Brasil prolóngase hoxe en día a través da visión paternalista do Brasil como un estado-fillo ou estado-irmán máis novo que precisa ser tutelado. Así, a reivindicación dunha lingua ou cultura común dexenera facilmente nunha infantilización da ex-colonia ou ex-periferia, un perigo que correría tamén Galiza, en caso de que a política cultural portuguesa decidise incluíla na súa concepción lusófona ou se a política galega aspirase a unha inclusión tal.⁹

Moito do que á maioría da xente lle gusta incluír como ‘lusófono’ na súa cultura, en realidade non lles é intelixible, sexa por diverxencias lingüísticas sexa por diferenzas culturais. Cantas expresións culturais deste aglomerado chamado Lusofonía non precisarían ser traducidas, explicadas e contextualizadas, ou sexa, paratraducidas? Os condicionamentos globais do campo cultural lusófono non van ser distintos dos campos culturais francófono e anglófono. Tamén a Lusofonía carrega, sobre todo desde a posición portuguesa, demasiados elementos mítico-ideolóxicos. Deste xeito, corre o perigo de ser un proxecto de civilización que simplemente traduce as antigas concepcións imperiais para unha utópica e clandestina noción de ‘imperio da lingua portuguesa’. Desafortunadamente, isto continúa a ser válido para boa parte do campo intelectual portugués. En Portugal instalouse ao longo das pasadas décadas unha tradución ou adaptación ideolóxica que partiu do discurso medieval que explicaba a expansión imperial e económica coa cruzada e a evanxelización e que agora pretende revalidalo coa suposición dunha esencia cultural contida

nesta lingua. Este neofundacionalismo xustificaría un utópico condominio 'lusófono' como substituto de valores esenciais cuestionados ou perdidos nos cataclismos paradigmáticos da contemporaneidade poscolonial, posmoderna e globalizada.

Mais unha cousa é dispor dunha estrutura lingüística común e outra é crear valores fundacionais que poidan chegar a ser transversais nas culturas pluricéntricas e plurisemióticas da CPLP. Lourenço, que inclúe a 'materna' cultura galega no campo cultural dunha Lusofonía descentrada, resúmeo deste xeito:

Como se vê, afinal, o inocente tema da Lusofonia é uma selva obscura ou voluntariamente obscurecida pela interferência ou coexistência nele de leituras, de intenções inconfessadas ou inconfessáveis, outras vezes bem explícitas, mas todas elas expressão de contextos, situações, mitologias culturais, de todo em todo não homólogas e, só no melhor dos casos, análogas. Esta é a realidade e como tal a devemos assumir. (Lourenço 1999: 179)

Isto non é só unha forma de asumir unha realidade incómoda e complexa que contraría o secular lirismo portugués que soñou con ser o centro dunha comunidade á que os supostos membros nunca se sentían vinculados dun xeito moi profundo (Baptista 2000 a partir de Lourenço 1999). Mais a crítica de Lourenço tamén posibilita unha proposta estratéxica diferente para poder salvar a utopía de culturas heteroxéneas en interdependencia. O decimonónico soño iberista, por exemplo, foi transfigurado por Fernando Pessoa en soño de grandeza cultural, mentres que José Saramago lle reduciu a envergadura ao transfiguralo en instrumento euroescéptico e poscolonial (Baltrusch 2004). Son utopías antigas, traballadas, constantemente reescritas, resultados dun longo e doloroso proceso de traducións da mitoloxía onírica dos descubrimentos, daquela eurocéntrica e nefasta liña camoniana na memoria cultural portuguesa que Pessoa tentou sublimar e que Lourenço deconstruíra poderosamente en *O Labirinto da Saudade* (1978).

Porén, na obra ensaística de Lourenço persiste aínda un idealismo lingüístico que o autor procura manter intacto, mesmo na máis lúcida desmontaxe da mitoloxía lusófona en 'Imagem e Miragem da Lusofonia': '[Uma língua] É um ser espiritual vivo, intrinsecamente mortal, no meio de outras línguas, expressão de histórias vontades de poderio, de sedução, de afirmações identitárias em estado de guerra cultural' (Lourenço 1999: 180). Nin a filosofía posmoderna nin a neurociencia actual amparan esta noción de transcendencia —e tamén a noción bélica dun 'clash of civilizations' (Huntington 1996) carece de credibilidade cando tratamos con dinámicas tradutivas. A lingua é soamente a casca que envolve e que se asemella á dinámica tradutiva á que están suxeitos os mitos, as ideoloxías ou outros valores culturais. Unha cultura nunca depende só dunha lingua en concreto —e moito menos en tempos de mundialización. Quen pensa que a 'patria' é a nosa lingua, 'também teria outra pátria se noutra língua se exprimisse', como advirte o propio Lourenço (1999: 183) ao esclarecer o verdadeiro significado da célebre frase de Pessoa, tantas veces instrumentalizada de xeito interesado. Unha lingua instrumentalizada como portadora ontolóxica da identidade dun pobo sempre se revelará como unha sacralización sen fundamento, por moito que a transformemos en 'matria' ou 'fratria', como o propuxera Caetano Veloso na súa canción 'Língua' (*Velô*, 1984).

Margarido incluso defende que a lingua portuguesa, sistematicamente ignorada polo tardío colonialismo portugués, prolonga hoxe a herdanza colonialista e mantén que ‘a exacerbação da “Lusofonia” [que] assenta nesse estrume teórico’ (Margarido 2000: 57) parte da relixión e do etnicismo. Se a lingua é creada por relacións socio-ideolóxicas que lle confiren significados en contextos históricos en constante mudanza, non pode representar esencialismos de *patria, patria ou fratria*. A utopía dunha patria lingüística recrea, alén do patriarcalismo implícito, a xerarquía de valores do colonialismo imperial (Margarido 2000). Neste sentido, é interesante ver como Lourenço –o máis profundo e ao mesmo tempo o máis mediático dos críticos das mitoloxías lusófona, dos descubrimentos, da Europa e do Occidente– non leva as posibilidades de deconstrución ideolóxica ata as últimas consecuencias. Sobre todo, porque lles presta demasiada atención aos fundamentos psicolóxicos e filosóficos dos mitos e menos ás súas compoñentes ideolóxicas. Así, a imaxe que o filósofo portugués traza do Brasil –como un espazo lusófono propio e cunha lingua ‘sem exterior’, ‘onde ninguém a ameaça nem ela ameaça ninguém’ (ibíd.)– resulta bastante precaria, xa que se obvia por exemplo a situación das culturas amerindias. Coa súa longa e cruel historia de colonización cultural, eufemisticamente chamada aculturación, o Brasil representa só un exemplo entre moitos de que un proceso colonizador nunca se detén. Endexamais existirá unha situación poscolonial xenuína, posto que ‘toda a cultura é tamén un documento de barbarie’ (Benjamin 1991: 696). Por iso, a Lusofonía –na súa calidade de utopía e ideoloxía– nunca se librará do estigma de ter roubado a voz do(s) Outro(s), de se ter inscrito á forza e de maneira sanguenta no imaxinario colectivo doutras culturas, feito que representa a outra cara da ‘dádiva’ camoniana e portuguesa.

Unha Lusofonía como ética, que en certo sentido sería comparable á esixencia dunha ‘Europa como ética’ que reclamara Saramago no seu discurso nobelístico (1998), sería unha utopía que presupón a morte doutros mitos: da Europa, do Occidente e sobre todo do mito de Colón, é dicir do culto cristián do paraíso. Segundo Lourenço a América Latina estaría xa a desfacerse destes mitos europeos: ‘São os filhos de Colombo tornados “outros” que precisam da sua morte para poderem crer que o paraíso é mesmo nessa América onde aportou para fugir do Velho Mundo’ (Lourenço 2005: 27). Mais a Lusofonía como utopía e paraíso dunha suposta patria lingüística continúa a ser evocada, tanto en Portugal como en Galiza, aínda que sexa por motivos diferentes (en ocasións incluso para encubrir intereses político-ideolóxicos).

É preciso que as defensoras e os defensores da Lusofonía tomen consciencia da profunda contradición xeopolítica e xeocultural que esta conleva hoxe en día: o proxecto lusófono permanece irremediabilmente atrapado entre unha europeización que procura desfigurar as identidades nacionais (o que só é positivo en relación ao estado-nación), que fecha as súas fronteiras á inmigración, e unha globalización cultural que as desexa abrir, acompañada polas máis diversas e complexas reivindicacións poscoloniais. A superación do pasado colonial e dos mecanismos do colonialismo europeo –que é unha utopía de índole moi diversa se se trata do caso portugués ou do caso das súas ex-colonias– só adquirirá sentido cando as ex-periferias se tornen centros tamén e sobre todo cando os seus sistemas emerxentes consigan colocar interferencias culturais, sociais e económicas no antigo centro irradiador. En Portugal, na súa relación co Brasil por exemplo, isto xa está a acontecer, aínda que sexa dunha forma máis

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

10

Curiosamente, esta abolición xa fora proposta por un político conservador, o ex-chanceler alemán Helmut Kohl nos anos oitenta do século XX, feito que representara unha das visións de política xeocultural máis progresistas da dereita política na Europa, malia que a iniciativa non tivera un impacto inmediato no proceso de construción da Unión Europea.

11

No sentido da idea do estado-nación. Non me estou a referir ao concepto do posnacionalismo que considero inválido para unha aplicación xeneralizada, xa que os nacionalismos continúan a ter importancia e transportan valores ben diferentes en cada contexto histórico-cultural. Un exemplo é o caso de Galiza, onde o nacionalismo segue xogando un papel importante para a estabilización dun sistema cultural propio que se precisa reivindicar fronte a un certo integracionismo hexemónico castelán.

lenta do que se podía esperar. No caso de Galiza temos incluso unha situación poscolonial extra-sistémica en relación á Lusofonía (posto que aínda depende fortemente do sistema cultural español), feito que contribuíu para a idealización do portugués por unha parte da *intelligentzia* nacionalista e/ou reintegracionista.

Hai moitas voces, como a de Fernando dos Santos Neves, que veñen defendendo a idea dun 'espaço lusófono realista' como 'o grande e específico peso de Portugal na balança da Europa e do Mundo' e como a 'única via de afirmación no concerto e desconcerto das Nações dos Países e Povos de língua portuguesa' (Santos Neves 2001). Esta postura coincide practicamente coa política lusófona oficial en Portugal, nun espectro político que vai desde o Partido Socialista até ao Partido Popular (antes CDS). Empregando as palabras de Lourenço, esta política é 'ingenuamente eurocêntrica' por confundir a 'descentração europea' (Lourenço 1999: 188) cunha suposta 'doença infantil do Europeísmo apátrida', que son as palabras coas que Fernando dos Santos Neves critica o feito de que o estado-nación se encontre en vías de extinción na Europa (2001). Mais esta mudanza paradigmática, que supón a paulatina abolición da vixencia do estado-nación¹⁰ nos debates sobre o asentamento de estruturas político-culturais internacionais, é imprescindible para unha concepción poscolonial da Lusofonía. De non conseguirmos pensar unha Lusofonía sen patrias nin nacións¹¹ o concepto ficará sempre ancorado no século XIX e inviable para responder a unha globalización multicultural que non debe neutralizar a importancia das aldeas-'nación' dentro da grande aldea global. Perante a presión globalizadora, e ao contrario da política centralizadora e colonialista dos estados-nación, un nacionalismo periférico como o de Galiza, ou dunha nación emerxente na África lusófona, está practicamente obrigado a adoptar a idea da unidade 'heterogénea e interdependente' (Pessoa 1986: 97).

Así mesmo, aínda nos encontramos lonxe dun funcionamento ideal: nestes intres, a Lusofonía responde basicamente a intereses económico-políticos, obstaculizados polo feito de que a CPLP pertence a catro bloques xeoestratéxicos diferentes e con intereses rexionais moi heteroxéneos. Hai unha certa consciencia de que ninguén dispón dun proxecto cultural concreto, para non falar dunha utopía, dalgún valor que poida suscitar a fascinación necesaria para congrega todas as culturas lusófonas. Mais prevalece tamén a miraxe dunha idílica historia común ou, nas palabras de Lourenço, dun 'refúgio imaginario' (1999: 182) que é, desde unha perspectiva psicolóxica, un auténtico comportamento evasivo.

Unha Lusofonía como un proxecto de política cultural que se presenta antes como un transmisor de valores que como un gremio nostáxico, económico ou lingüístico, unha Lusofonía como proxecto poscolonial serio e coherente, presuporía por parte de Portugal unha revisión crítica xunto cun traballo de memoria ética do propio pasado. Para chegar a ser unha rede cultural activa, a Lusofonía nin sequera precisaría transformarse nun conxunto de estados-nación reducidos a 'lugares de memoria' (Pierre Nora 1984/86). Mais unha tal política cultural xa é imposibilitada desde o inicio polo feito de que Europa se tente fechar ao fluxo inmigratorio que, no caso de Portugal, é absolutamente vital para a sociedade e que, no caso de Galiza, sería unha oportunidade de participación social na Lusofonía. Desafortunadamente, isto fica relegado ao discurso utópico mentres que as políticas de control da inmigración na UE permanezan tan restrinxidas e non se desenvolvan políticas culturais compartidas. No caso de Portugal

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

12

A noción da para/tradución designa a dependencia irremediable da tradución (lingüística, cultural ou outra) do seu contexto, sexa este constituído por ideoloxías, normas sociais, factores económico-políticos ou outros determinantes. Este contexto paratradutivo non depende dun eido de saber definido, unha vez que implica unha concepción transdisciplinaria das actividades tradutiva e interpretativa. A para/tradución é tamén o espazo da reflexión metatradutiva –necesariamente diferente en cada lingua e en cada contexto cultural–, unha especie de segundo modo discursivo que ilustra a interdependencia de universalismo e particularismo, de identidade e alteridade dentro da tradución entendida como dinámica transgresora e subversiva. Tanto o propio acto de percepción como as súas condicións (estéticas, utópicas, ideolóxicas) mailas súas manifestacións e pervivencias na realidade (anestésicas, heterotópicas) poden ser descritas e explicadas como procesos para/tradutivos. (Baltrusch 2004, 2005, 2007 e <<http://webs.uvigo.es/paratraduccion/index.html>>).

a inmigración chega do leste de Europa en vez do Brasil ou dos PALOPs, como sería natural supor. O que resulta positivo para a integración europea vén sendo un atranco para a integración da CPLP.

Polo de agora, o espazo lusófono segue a ser un discurso mítico-literario e, no entender de Margarido, unha ‘armadilha’, xa que un mito nunca se chega a realizar na práctica. Porén, o que as críticas antihexemónica (en Portugal) e reintegracionista (na Galiza) non toman en consideración, é a posibilidade dunha Lusofonía sen discurso patrio ou nacional, sen utopía da orixe ou do paraíso perdido. Ao contrario do que acontece cos remanentes mítico-imperiais no imaxinario portugués en relación ao espazo lusófono, a Galiza necesitaba esta utopía da orixe como estratexia de supervivencia durante certos períodos do seu pasado. A pesar de que o sistema cultural galego aínda precisa do nacionalismo por razóns de pragmática política –dada a súa situación de campo cultural minorizado e precario dentro do estado español–, hai posibilidades de que a estabilización do sistema nas últimas décadas permita unha viraxe estratéxica no futuro.

No palco da política cultural, a Galiza podería actuar libre do peso (pos)colonial luso e ofrecerse incluso como unha bisagra cultural con identidade propia entre os mundos lusófono e hispanófono. Hai un enorme potencial tradutivo na cultura galega, que foi colocada pola historia cun pé en cada unha das grandes culturas ibéricas con pasado imperial e que hoxe poderían ir ao reencontro do Outro. O histórico dilema da emigración, por exemplo, podería revertir en capital para unha política cultural exterior. Porén, unha potencial asociación á Lusofonía só pode aspirar a ter sentido se for pensada nestes termos de traducibilidade, de potencial tradutor inherente a cada ‘orixinal’ e que é tamén un potencial transformador que garante a pervivencia (Benjamin 1991). Para Galiza, a asociación á Lusofonía significaría apropiarse por vez primeira da propia historia para nela transcrear a súa contemporaneidade. Con todo, dentro dun panorama globalizado –transcultural e transdiscursivo– con persoas, ideas e valores en constante migración e mestizaxe non hai lugar para esencialismos fundacionais. As miraxes míticas da unidade lingüística e ortográfica e a do paraíso perdido da unidade cultural precisarían ser abandonados. Mellor sería restituír ás minorías culturais, tanto no contexto macrosistémico como no intrasistémico, a súa importancia en igualdade no complexo proceso tradutolóxico da historia, eliminando a xerarquía de valores ‘orixinal vs. tradución’ (como a de portugués vs. crioulo, padrón vs. variante dialectal, non oficial, etc.). Isto constituiría unha democratización da perspectiva sobre os procesos de tradición e relación culturais. A globalización das culturas require que comecemos a compartir mundos traducidos con espazos de coñecemento que teñen orixes múltiples e indefinibles (Simon 1996: 134). Nestes espazos, a desestabilización das identidades culturais actúa como cuestión de fondo da contemporaneidade, cos fluxos de información e as migracións transnacionais e transcontinentais a transformaren todo o campo cultural nunha dinámica de continua tradución e paratradución.¹²

Tamén a relación entre Galiza e a Lusofonía constitúe un caso de tradución e paratradución cultural, no cal a submisión ao ou a apropiación do Outro codefinen a propia identidade. A historia é unha mestizaxe do Eu e do Outro, é a miña lingua como ‘prótese de orixe’ (Derrida 1996) e como punto de encontro cos ‘monolingüísmos’ das/os outras/os (fónicos e ortográficos, entre moitos outros). A historia de Galiza é, tamén, unha historia de mestizaxe e, como tal, sería lóxico que continuase nesta liña, esta vez encarando un modelo poscolonial de Lusofonía.

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

13

Porén, non estou de acordo en denominalas 'comunidades do corazón' (Almeida 2001) para evitar o risco de recaer en encarnacións falsas de nostalgia dun pasado esencialista que xustificaba por exemplo as actividades colonias e imperialistas con motivos tradicionalmente asociados ao 'coazón': a relixión e a cruzada.

14

Non se trata de incentivar unha guerra das culturas seguindo certas esexeses das teses de Huntington. Trátase máis ben de adherencias a diferentes tipos de esferas (ideo)lógicas (cf. Sloterdijk 1999) ou meosferas (Blackmore 1999).

A transacción tradutora é o modelo exemplar dunha identidade como secuencia de alteridades interdependentes desde o punto de vista cultural. O propio momento da tradución é o espazo anterior á fixación das identidades, é unha terceira lingua que actúa como correa de transmisión, tan flexible e tan suxeita ao desgaste que no transmitido sempre permanecerán 'traces' (Derrida 1967: 97). Estes trazos, doutras culturas ou doutras linguas por exemplo, revélanos o axente tradutor como unha subxectividade mestiza, menos estranxeira do que migrante ou incluso inmigrante. Estas in/migracións son froito de traducións entre unha cultura e outra, entre un discurso e outro, entre unha *Weltanschauung* e outra sen abandono da cultura de partida –son incluso unha forma de diplomacia. Nas palabras de Onésimo de Almeida incluso debemos adoptar unha 'identidade como unión de vontades e não como unión de traços culturais e lingüísticos e muito menos biológicos.' (Almeida 2001).¹³

Non se trata só dunha invención da tradición no sentido que lle deran Eric Hobsbawm e Terence Ranger (1983), nin só do que Homi K. Bhabha designou con 'nation as narration' (1990, a partir das analogías entre literatura e historia), nin só do que Benedict Anderson simplificou co concepto das 'imagined communities' (1993). Coincido con Almeida en que precisa haber 'comunidades mentais', para acentuar que elas existen na mente das persoas como realidades auténticas e não fantasiadas' (Almeida 2001). Por iso, considero que o incipiente debate posnacional podería resultar pernicioso para a situación político-cultural de Galiza, a pesar de haber autoras/es que suxiren con certa razón o concepto do posnacionalismo como visión transatlántica e globalizada de Galiza, afastada das limitacións culturais e xeográficas tradicionais (Hooper 2005: 69 e Baltrusch 2008). A necesidade de pensar unha Lusofonía sen estados-nación non implica que a cultura galega se encontre nunha situación de poder prescindir dunha ideoloxía nacionalista propia e idiosincrásica, tendo en conta a precariedade do seu polisistema cultural (diglosia en detrimento da lingua propia, paulatina redución de falantes nativos, presión do colonialismo cultural e integralismo casteláns, etc.). Mais ben require un 'transnacionalismo' capaz de reinventar un discurso nacional 'miscible' con formas alternativas de vontade colectiva. Situar-se con éxito no palco da política cultural internacional implica hoxe en día saber traducir entre a nación e unha identificación cultural máis anovadora. As vontades de identificación cultural equivalen á reimaxinación de mitos comúns, ou sexa, fenómenos discursivos cunha representación e cunha lóxica social capaz de reorganizar a división do real (Bourdieu 1980).¹⁴

Mais a cuestión que nos importa é se existen nos países de lingua oficial portuguesa e na Galiza 'comunidades mentais' con imaxinarios transversais e ligados ao concepto dunha Lusofonía que aquí teño tratado de reconducir. E se existisen na Galiza, serían capaces de reorientar a política cultural galega? Neste momento só podemos constatar que hai lugar a dúbidas e unha grande falta de estudos dedicados ao asunto que puidesen ser considerados libres de conxecturas esencialistas. A situación da cultura actual podería parecer-nos incluso como aquela do vello e desgastado chiste sobre unha persoa galega inmovilizada nunha escada, a situación de alguén de quen é imposible predicir en que dirección se irá mover. Porén, a interpretación deste estereotipo precisa ser actualizada e retraducida, talvez até cun malabarismo tirado da mecánica cuántica: probablemente, este suxeito galego, ou esta cultura galega, é só aparentemente indecisa. Na escada da latinidade (que sería o seu macrocontexto paratradutivo) a cultura galega

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

oriéntase simultaneamente en dirección ás utopías lusófonas como en dirección aos confíns pragmáticos das culturas hispanófonas. Xa se constata en moitos eidos unha sociedade galega pluricéntrica, plurisemiótica e en pleno proceso de pluriidentificación. Houbo e haberá elementos que se perden, outros que se gañan. Paciencia. Mais a sociedade galega sempre poderá exercer o seu talento, historicamente innato, de tradución da identidade, esta 'forma orixinal de hibridismo hermenéutico' (Nous 1995: 339) das súas identificacións históricas e actuais (sen abandonar xa os remanentes dun centrípeto sentimento nacional).

A cuestión xa non é só a lingua (verbal), *Dante requiescat in pacem*, senón os discursos de política e xestión educativas e a correspondente política cultural que a sociedade ten de permitir e assimilar para garantir a súa identidade cultural. Pessoa mostrounos que as identificacións heteroxéneas, nomádicas e interdependentes nunha soa consciencia son viables. Por que non van ser viables dentro dunha cultura, dunha memoria cultural ou incluso dunha supraestrutura cultural? Ao galego cabe a súa parte no 'latín en po', que cantaba Caetano Veloso e ao que habería que engadir tanto unha 'África en po', unha 'Asia' como tamén unha 'América en po' –tendo en conta as migracións e para/traducións culturais que inevitablemente irán caracterizando a globalización multicultural no século XXI. É no interior destas migracións que as culturas da CPLP deben necesariamente traducir para os seus diversos presentes históricos o que Wittgenstein designaba 'semellanzas de familia' (1989: 283), navegando algunhas veces con e outras contra os ventos anglófonos e hispanófonos, nun barco inexacatamente bautizado 'Lusofonía'.



Referencias

- ALMEIDA, Onésimo Teotónio de, 2001. 'Identidade nacional — algumas achegas ao debate portuguê's', *Semear*, 5. http://www.letras.puc-rio.br/catedra/revista/semiar_5.html. [consultado o 10-12-08]
- ANDERSON, Benedict, 1993. *Imagined Communities* (London: Verso).
- BAGNO, Marcos, 2006. *Preconceito Lingüístico — o que é, como se faz* (São Paulo: Edições Loyola).
- BALTRUSCH, Burghard, 2004. 'Sobre o "transiberismo" como metanarrativa. José Saramago entre universalismo e pós-colonialismo', en *Grossegesse 2004*: III-133.
- _____, 2005. '“Mudança posue tudo” – Acerca de tradución & paratradución da cultura', en *Grial* 165: 38-45.
- _____, (no prelo). 'De Estrangeiros a Migrantes: A Tradução como Paradigma de Pensamento na (Pós-)Modernidade', en *Actas do Congresso Internacional de Filosofia “Pessoa & Sociedade”* (UCP, Braga, 17-19/XI/ 2005), Braga: Universidade Católica Portuguesa.
- _____, 2007. 'É todo tradución? Elementos socioculturais, neurocientíficos e meméticos para unha teoría holística da para/tradución (I)', *Viceversa* 12: 9-38.
- _____, 2008. 'Tradución e nación: Galicia entre a lusofonía e o posnacionalismo', *Grial* 178: 54-61.
- BAPTISTA, Maria Manuel, 2000. 'Da Cultura Europea à Lusofonia: Pensar o Impensado com Eduardo Lourenço'. <http://sweet.ua.pt/~mbaptista/da%20cultura%20europeia%20a%20lusofonia.pdf>. [consultado o 10-12-08].
- BENJAMIN, Walter, 1991. *Gesammelte Schriften*, Vol. I (Frankfurt a.M.: Surhkamp).
- BHABHA, Homi K., 1990. *Nation and Narration* (London/New York: Routledge).
- _____, 1994. *The Location of Culture* (London/New York: Routledge).
- BLACKMORE, Susan, 1999. *The Meme Machine* (Oxford: Oxford University Press).
- BOURDIEU, Pierre, 1980. *Le sens pratique* (Paris: Minuit).
- CALDAS, Alcides S. et al., eds., 2003. *500 anos depois* (A Coruña: Deputación Provincial da Coruña).

CLYNE, Michael, ed., 1992. *Pluricentric Languages. Differing Norms in Differing Nations* (Berlin/New York: Mouton de Gruyter).

DAWKINS, Richard, (1976, 1989). *The Selfish Gene* (Oxford: Oxford University Press).

DERRIDA, Jacques, 1967. *De la grammatologie* (Paris: Minuit).

---, (1996) 2001. *O monolingüismo do outro ou a Prótese de Oríxem*, trad. de Fernanda Bernardo (Porto: Campo das Letras).

FERNÁNDEZ REI, Francisco, 1993. 'La place de la langue galicienne dans les classifications traditionnelles de la Romania et dans les classifications standardologiques récentes', *Plurilinguismes*, 6: 89-120.

GROSSEGESSE, Orlando, ed., 2004. "O estado do noso futuro" - *Brasil e Portugal entre identidade e globalização* (Berlin: Edition Tranvía).

HOBBSAWM, Eric e Terence RANGER, 1983. *The Invention of Tradition* (Cambridge: Cambridge: University Press).

HOOPER, Kirsty, 2005. 'Novas cartografías nos estudos galegos. Nacionalismos literarios, literatura nacional, lecturas posnacionais', *Anuario de Estudos Literarios Galegos*: 64-73.

HUNTINGTON, Samuel, 1996. *The Clash of Civilizations and the Remaking of World Order*, (New York, Simon & Schuster).

LOURENÇO, Eduardo, 1999. *A Nau de Ícaro seguido de Imagem e Miragem da Lusofonia*. (Lisboa: Gradiva).

---, 2005. *A Morte de Colombo. Metamorfose e Fim do Ocidente como Mito* (Lisboa: Gradiva).

MARGARIDO, Alfredo, 2000. *A Lusofonia e os Lusófonos: Novos Mitos Portugueses* (Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas).

MARTINS, Moisés de Lemos, 2006. 'Lusofonia e Luso-tropicalismo: equívocos e posibilidades de dois conceitos hiper-identitários', *Visages d'Amérique Latine*, 3: 89-96.

MONTEAGUDO, Henrique, 1995. 'Na procura da "Recendente Pantera": os escritores galegos e a construción da lingua literaria', en *Revista Colóquio/Letras*, 137/138: 51-64.

NEVES, Fernando dos Santos, 2001. *Para uma Crítica da Razão Lusófona: Onze Teses sobre a CPLP e a Lusofonia* (Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas).

NORA, Pierre (org.) 1984/1986. *Les Lieux de Mémoire*. 2 vols (Paris: Gallimard).

NOUSS, Alexis, 1995. 'La traduction comme OVNI', en *Meta*, 3: 335-342.

Galiza e a Lusofonía - unha tradución entre a miraxe e a utopía
Burghard Baltrusch

PARKER, Andrew et al., 1992. *Nationalisms and Sexualities* (New York: Routledge).

PESSOA, Fernando, 1986. *Portugal, Sebastianismo e Quinto Império* (Europa-América: Mem Martins).

RADHAKRISHNAN, R. 1992. 'Nationalism, Gender, and the Narrative of Identity', en Andrew Parker et al. 1992: 77-95.

RODRÍGUEZ, José Luís, 2003. 'Para unha Galiza plena na Lusofonia', en Alcides S. Caldas et al. 2003: 291-303.

SARAMAGO, José 1998. 'De como a personagem foi mestre e o autor seu aprendiz', *Jornal de Letras, Artes e Ideias*, 736, 16-XII: 10-13.

SIMON, Sherry, 1996. *Gender in Translation: Cultural Identity and the Politics of Transmission* (London/New York: Routledge).

SLOTERDIJK, Peter, 1999. *Sphären I* (Frankfurt: Suhrkamp).

VELOSO, Caetano, 1984. *Velô*.

VILLARES, Ramón, 2007. 'Galicia é nación porque creou unha cultura' [entrevista de Xan Carballa a Ramón Villares].
http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Galicia/nacion/creou/unha/cultura/elpepiau/gal/20061201elpgal_21/Tes/ (consultado o 10/XII/2008).

WITTGENSTEIN, Ludwig, 1989. *Philosophische Untersuchungen*, en *Werkausgabe*, vol. I, (Frankfurt a. M.: Suhrkamp).